



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Novas tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á intervención logopédica | Código | 652G04032 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Optativa | 4.5 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | Iglesias Amorin, Fernando | Correo electrónico | f.amorin@udc.es | |
| Profesorado | Iglesias Amorin, Fernando | Correo electrónico | f.amorin@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia de novas tecnoloxías fará fincapé sobre o coñecemento e aplicación das ferramentas das tecnoloxías da información e a comunicación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de propostas educativas na intervención logopédica.</p> <p>Pretende que o alumando desenvolva capacidades na selección de recursos TIC e o manexo de software para crear propostas de intervención enfocadas tanto á prevención coma o tratamento das dificultades de aprendizaxe relacionadas co desenvolvemento da linguaxe.</p> | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|------------------------|
| Código | Competencias do título |
| | |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|------------------------|-------------------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Coñecer e analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade da información e na educación en particular, como recurso para o desenvolvemento das capacidades lingüísticas e o acceso a aprendizaxe. | A20 A23 A32 | B1 B13 B23 | C6 C8 |
| Atender á diversidade na selección, produción e aplicación dos recursos tecnolóxicos para a intervención nos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe. | A20 A23 A32 | B1 B13 B23 B24 | |
| Coñecer diferentes ferramentas de software para a produción de materiais multimedia como recursos na prevención e intervención dos diferentes trastornos da linguaxe. | A20 A23 A32 | B1 B13 B23 B24 | C3 C6 C8 |
| Seleccionar e avaliar recursos TIC educativos para a prevención e intervención dos diferentes trastornos da linguaxe no desenvolvemento das habilidades lingüísticas. | A20 A23 A32 | B1 B13 B23 B24 | C3 C6 C8 |
| Adaptar os recursos tecnolóxicos atendendo as características individuais na intervención dos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe. | A20 A23 A32 | B1 B13 B23 B24 | C3 C6 C8 |



| | | | |
|---|-------------------|-------------------------|----------------|
| Deseñar e producir recursos multimedia para a intervención nos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe. | A20 A23 A32 | B1 B13 B23 B24 | C3 C6 C8 |
| Coñecer ferramentas de traballo colaborativo para a produción de recursos educativos multimedia e proxectos que permitan favorecer a adquisición e desenvolvemento da linguaxe. | A20 A23 A32 | B1 B13 B23 B24 | C3 C6 C8 |
| Desenvolver dinámicas de traballo colaborativo a través da rede no deseño e produción de materiais educativos para favorecer o desenvolvemento da linguaxe con tecnoloxías da información e a comunicación. | A20 A23 A32 | B1 B13 B23 B24 | C3 C6 C8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| MÓDULO I: Novas tecnoloxías e atención a diversidade. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Novas tecnoloxías e sociedade da información. 2. Enfoques educativos no uso das TIC. 3. Novas tecnoloxías e accesibilidade. 4. Atención a diversidade con medios tecnolóxico-didácticos. |
| MÓDULO II: Creación de contidos e elaboración de recursos multimedia para a avaliación e intervención logopédica. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Selección e avaliación de recursos multimedia para a intervención logopédica. 2. Programas de software libre, gratuito e comercial para a elaboración de recursos multimedia. 3. Creación de contidos multimedia para a atención á diversidade e o tratamento das dificultade e alteracións da linguaxe. |
| MÓDULO III: Recursos e ferramentas na rede para a intervención logopédica. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Recursos e redes sociais para compartir produtos multimedia para a avaliación e intervención nos procesos de adquisición da linguaxe. 2. Ferramentas para a xestión, creación e publicación de contidos. 3. Cooperación e colaboración na rede entre profesionais da logopedia. |

| Planificación | | | | |
|---------------------------|----------------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A20 A23 B13 | 6 | 12 | 18 |
| Discusión dirixida | B1 C6 C8 | 1 | 2 | 3 |
| Prácticas a través de TIC | A32 B1 B13 B23 B24 C3 | 26 | 58 | 84 |
| Proba oral | A20 A23 A32 B1 B13 B23 B24 C3 | 1 | 4.5 | 5.5 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | <p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p> |



| | |
|---------------------------|--|
| Discusión dirixida | Mediante esta dinámica abordanse diversas temáticas orientadas a que o alumnado reflexione sobre a importancia das TIC na sociedade e na intervención logopédica en particular. Analizaranse os distintos factores que inciden na súa integración para desenvolvemento da intervención profesional, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de abordar o traballo coas TIC nos seus diferentes ámbitos de intervención como logopedas. |
| Prácticas a través de TIC | <p>En torno aos diferentes temas propórase a realización de pequenos traballos de grupo baseados en prácticas a través de TIC. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Basearanse no traballo con distintos recursos na rede, con distintos programas de software gratuito e ferramentas de autor e coa pizarra dixital. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p> |
| Proba oral | A proba oral constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá realizar a presentación dos traballos realizados a través das sesións de prácticas TIC facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados en torno ás diferentes dinámicas de traballo. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------------|---|
| Prácticas a través de TIC | <p>A atención personalizada que se describe para esta metodoloxía concíbese como momentos de traballo presencial co profesor para a atención e seguimento do traballo realizado por cada grupo. Implican unha participación obrigatoria para o alumnado.</p> <p>As tarefas realizaranse en pequenos grupos de traballo. Implican o uso de programas de software libre, gratuito e comercial así como o uso da rede de Internet para a creación de recursos multimedia e ferramentas na rede.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá a atención individualizada indícarase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|---------------------------|----------------------------------|--|---------------|
| Proba oral | A20 A23 A32 B1 B13 B23 B24 C3 | <p>Esta proba centrarase na presentación oral dos traballos desenvolvidos en torno aos traballos realizados nas prácticas TIC. Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (que reflicta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos básicos. - Claridade expositiva. | 30 |
| Prácticas a través de TIC | A32 B1 B13 B23 B24 C3 | <p>En relación ás Prácticas TIC valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. - A profundidade do contido. - O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas educativas. - O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. - A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. - A organización e presentación. | 70 |
| Outros | | | |

Observacións avaliación



Requisitos para superar a materia:

Asistir e participar regularmente nas actividades da clase (asistencia mínima do 80%).

Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (Prácticas TIC e Proba oral).

Entregar e expoñer as prácticas na data que se indique.

A convocatoria de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de xuño.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | Alcantud Marín, F. y Soto Pérez, J. (coords.) (2003). Tecnologías de ayuda en personas con trastornos de comunicación. Valencia: Nau Llibres. Area Moreira, M. (2004). Los medios y las tecnologías en la educación. Madrid. Pirámide. Chacón Medina, A. (2007). La atención a la diversidad con medios tecnológico-didácticos. En Nuevas Tecnologías para la educación en la era digital. Ortega. Iza Mikeleiz, M (2002). Recursos tecnológicos en logopedia. Archidona: Ediciones Aljibe. Nova Escola Galega (2007). Competencia dixital e ferramentas TIC. Revista Galega de Educación, nº 38. Sánchez Montoya, R (2002). Ordenador y discapacidad. Guía práctica de apoyo a las personas con necesidades educativas especiales. Madrid: CEPE. Toledo Morales, P. (2002). Accesibilidad en la red. Diseños de web para todos. Archidona: Ediciones Aljibe. Toledo, Morales P. (2001). Accesibilidad, informática y discapacidad. Sevilla. Mergablum. |
| Bibliografía complementaria | http://www.logopediadigital.org/http://www.logopediadigital.org/revista/http://www.espaciologopedico.com/http://w3.cnice.mec.es/recursos2/atencion_diversidad/02_00.htm http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/ http://www.discapnet.es/Discapnet/CAstellano/default.htm http://www.sidar.org http://personal2.redestb.es/jamosa/lengua.htm http://www.parasordos.com http://www.ucv.ve/tartamudez.htm http://blog.educastur.es/ticynee/category/logopedia/ http://www.uv.es/bellochc/pdf/pwlogo1.pdf http://www.logopediadigital.org/http://www.logopediadigital.org/revista/http://www.espaciologopedico.com/http://w3.cnice.mec.es/recursos2/atencion_diversidad/02_00.htm http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/ http://www.discapnet.es/Discapnet/CAstellano/default.htm http://www.sidar.org http://personal2.redestb.es/jamosa/lengua.htm http://www.parasordos.com http://www.ucv.ve/tartamudez.htm http://blog.educastur.es/ticynee/category/logopedia/ http://www.uv.es/bellochc/pdf/pwlogo1.pdf |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Asistir ás sesións presenciais. Realizar o traballo de forma continua ao longo de todo o curso.

Levar a cabo un adecuado traballo en equipo e cooperativo.

Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas.

Traballar de forma individual e en grupo con todos os documentos, artigos, presentacións e demais recursos de cada bloque.

Preparar de forma adecuada as presentacións orais.

Realizar algún curso de manexo de ferramentas informáticas que ofrece a AFI se for preciso.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías